

## ALUMNADO 2º BACHARELATO CURSO 2019 -2020

(que supere todas as materias na convocatoria ordinaria)

### Documentos e taxas para a solicitude do título e para a ABAU

Unha vez que teñan as cualificacións finais, poden recoller os impresos para o pago das taxas na oficina do centro ou descargarlos dos enderezos que figuran debaixo. Para entregar os xustificantes de pago e a documentación, deberán solicitar cita previa na conserxaría do mesmo.

PRAZO PARA A ENTREGA: entre os días 8 e 12 de XUÑO 2020

#### DOCUMENTOS E TAXAS TÍTULO DE BACHAREL:

1. **Orixinal e fotocopia do DNI (actualizado) da/o alumna/o.**
2. **Impreso de TAXAS DE AUTOLIQUIDACIÓN.** Este impreso pódese solicitar no centro, ou cubrir e descargar no enderezo <http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>

No impreso de TAXAS de AUTOLIQUIDACIÓN hai que cubrir os datos e codigos que se amosan na imaxe

codigos	Consellería de <u>Consellería de Educación, Universidade e formación profesional</u>	#Código:	0 7
	Delegación de <u>Servizos Centrais</u>	Código:	1 3
	Servizo de <u>Ensino Medio</u>	Código:	0 3
	Taxa denominación: Expedición de Títulos Académicos e Profesionais correspondentes as ensinanzas establecidas pola LOE	Código:	3 0 2 0 0 3

- 1- Taxa ordinaria: **52,94 €**
- 2- Taxa Familia Numerosa de categoría xeral: **26,50 € (\*)**
- 3- Taxa Familia Numerosa de categoría especial: **Gratuíta (\*)**

#### DOCUMENTOS E TAXAS PARA A (ABAU):

1. **Orixinal e fotocopia do DNI da/o alumna/o** (SEN RECORTAR E NUN FOLIO COAS DÚAS CARAS NO MESMO LADO PARA FACER A COMPULSA).
2. **Xustificante de ter aboados os prezos da matrícula, ou no seu caso documentación que acredite a exención.** O impreso pódese solicitar no centro, ou cubrir e descargar no seguinte enlace <https://ciug.gal/gal/abau/impresos-abau-2020>. Se o impreso se descarga de CIUG, facelo por triplicado.
3. **Formulario de solicitude da vía ou vías de acceso polas que se concorre á ABAU** (facilitado no centro que tamén se pode cubrir e descargar no enderezo <https://ciug.gal/gal/abau/impresos-abau-2020>

1. Taxa ordinaria: **63,67 €**
2. Taxa Familia Numerosa de 1ª-2ª categoría xeral (\*): **31,84 €**
3. Taxa Familia Numerosa de honra categoría especial: **Gratuíta (\*)**

(\*) O alumnado que pertenza a Familia numerosa deberá acreditarlo cun documento oficial actualizado.

Serán beneficiarios de **matrícula gratuíta** da ABAU:

**O persoal das universidades do SUG, os seus fillos, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación, que deberán acreditar a súa vinculación á universidade mediante certificación dos respectivos Servizos de persoal, e , no seu caso, ademais por medio da fotocopia do libro de Familia.**

**Persoas con discapacidade (maior ou igual ao 33%), vítimas de acto terrorista ou vítimas de violencia de xénero, que terán que acreditar estas situacións coa correspondente resolución administrativa pola que se recoñece esa condición e deberán presentala necesariamente no prazo de matrícula fixado para que teña eficacia.**